

# **OS SINDICATOS E O TRABALLO**

**Xosé Manuel Pose Mesura**

Secretario Xeral de FETE-UGT de Galicia



A sociedade na que nos atopamos, ten moitos problemas no mundo do traballo, polo que nos, os sindicatos, temos un papel fundamental á hora de non deixar de lado á persoa, posto que aínda que a tecnoloxía avanza, o realmente importante é a formación dos traballadores-as para unha mellor e máis competitiva produción. Hai que ter presente que cando un país non inviste na formación dos seus cidadáns, ese país vai estar condenado ó fracaso, como é o caso do noso que sempre estará a remolque do resto dos países que invisten na devandita formación, de xeito que eses cartos van redundar en beneficio tanto para a empresa como para o propio traballador.

Algo preocupante en Galicia, é o pouco investimento do empresariado galego, xa que as empresas o que pretenden é obter tódolos beneficios posibles, sen preocuparse pola posibilidade de xerar postos de traballo, investindo eses beneficios na contratación e formación de traballadores; polo que compre pensar que ó mellor en vez de sacar un 80% de beneficios, sería necesario obter só un 50%, ou ben estar dispostos a repartí-las horas de traballo, dando así a posibilidade a outros-as traballadores-as de saír do paro e poder intentar vivir dignamente.

Compre destaca-la importancia da estabilidade do traballador-a, e non só dende un punto de vista psicolóxico dese traballador, senón tamén desde o punto de vista da propia empresa, que debería ser consciente de que ese traballador vaille producir enormemente máis, sabéndose estable, sabéndose seguro.

De aí, a necesidade de elimina-lo emprego en precario, tendo presente a idea de que o posto de traballo pode ser transformable. Neste sentido temos un exemplo claro, como é o da empresa Santa Bárbara, empresa que sofre unha crise importante, e na que pode levarse a cabo esa idea de posto transformable, pois aínda que non fose factible que se adique á construción de armamento, poderíanse buscar outros camiños alternativos, intentando elaborar outros produtos que poidan ter saída no mercado.

Por outro lado, como neste momento atopámonos nunha certa recuperación económica, sería importante que o mundo dos empresarios recóllese tódalas experiencias positivas, poñendo en marcha a aplicación de moitos aspectos da reforma da lexislación laboral existente, destacando a importancia da aplicación racional desa reforma, evitando polo tanto os seus aspectos máis drásticos, intentando chegar a un consenso para unha política de tipo retributivo baseada fundamentalmente no mantemento do poder adquisitivo e a súa mellora, atendendo ás circunstancias específicas de cada unha das empresas

Este proceso de substitución de ordenanzas laborais no que nos atopamos neste momento, debe desenvolverse a ser posible neste ano no que estamos, definindo estratexias temporais claras

que eviten posicións empresariais pouco negociadoras, ou ás veces incluso claramente de tipo obstruccionista.

Como sindicatos, temos tamén que combata-la precariedade tanto de contratación temporal como a autorización das empresas de traballo temporal, o sistema retributivo e a súa incidencia na competitividade das empresas, a distribución irregular das xornadas, que conlevan a desaparición da pequena e mediana empresa.

Eu penso que hai posibilidades de facer un acordo entornado a mecanismos que faciliten a conclusión de acordos en caso de dificultades na situación das ordenanzas, ou establecemento de sistemas de autocomposición de conflitos individuais e colectivos que dean sempre máis coherencia e aproveiten os instrumentos que cada C.C.A.A. en concreto ten.

Por último, sinalar que é preocupante dicir que este é o país de Europa que ten máis accidentes de tipo laboral, pois case tódolos días están morrendo traballadores-as que non son outra cousa que persoas, polo que se está perdendo un persoal humano que deixa tras de si unha secuela de tristeza, de dor, de rabia e de impotencia.

Hai ademais unha serie de colectivos por aí, ós que temos que darlle algún tipo de saída, colectivos especiais, difíciles de integrar moitas veces en empresas normais, pero ós que hai que ter presentes pois tamén existen.